

MATERIA

Fontes Documentais e Literarias para a Historia da Arte

TITULACIÓN

Grao en Historia da Arte

unidade
didáctica
2

Fontes para o estudo da arte medieval

Dolores Fraga Sampedro

Historia da Arte

Departamento de Historia da Arte

Facultade de Xeografía e Historia

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2013

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Edicións USC

<https://www.usc.gal/publicacions>

DOI

<https://dx.doi.org/10.15304/9788415876533>

MATERIA: Fontes documentais e literarias para a Historia da Arte

TITULACIÓN: Grao en Historia da Arte

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

Unidade I. Fontes para o estudo da arte antiga (Grecia e Roma):

Escritos sobre a teoría das Artes

A preocupación pola historiografía: textos sobre os artistas e as súas creacións

Achegas da crítica profana: aproximación a unha valoración da arte dende a historia da recepción

Artes da palabra e artes visuais na competencia entre as artes

A literatura de viaxes na Antigüidade

De mitos e mitografías e as súas conexións coa Historia da Arte

Fontes epigráficas, tipoloxías e súa achega ao estudo da Arte

Unidade II. Fontes para o estudo da arte medieval

Escritos, apuntamentos e repertorios sobre técnicas artísticas e a recuperación da teoría das Artes

A memoria dos promotores artísticos: peculiaridades dos textos historiográficos na Idade Media

A interacción imaxe-texto: fontes para o estudo da iconografía medieval

A literatura odepórica medieval e a súa contribución aos estudos da Arte

O documento: tipoloxías e achegas das fontes arquivísticas para a investigación na Arte medieval

Fontes lexislativas: características e evolución

Unidade III. Fontes para a Historia da Arte moderna e contemporánea

Fontes literarias: vidas, tratados e libros de viaxes

Fontes documentais: arquivísticas e hemerográficas

Fontes gráficas: dos debuxos e gravados á fotografía

Fontes para a creación artística nos séculos XX e XXI: dos manifestos aos Mass Media

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

Os obxectivos

Os principios metodolóxicos

Os contidos básicos

1. Escritos, apuntamentos e repertorios sobre técnicas artísticas e a recuperación da teoría das Artes
 - 1.1. A Tratadística profesional: os precedentes e a recuperación do Tratado profesional
 - 1.2. O álbum ou caderno de apuntamentos de Villard de Honnecourt
2. A memoria dos promotores artísticos: peculiaridades dos textos historiográficos na Idade Media
 - 2.1. Na Compostela de Xelmírez: a Historia Compostelana
3. A interacción imaxe-texto: fontes para o estudo da iconografía medieval
 - 3.1. Biblia e outras fontes no canónicas
 - 3.2. A ekphrase na Idade Media
4. A literatura odepórica medieval e a súa contribución aos estudos da Arte
 - 4.1. O Itinerario de Exeria no século IV
 - 4.2. O Liber Sancti Iacobi
5. O documento: tipoloxías e achegas das fontes arquivísticas para a investigación na Arte medieval
6. Fontes legislativas: características e evolución

Actividades propostas

Avaliación da unidade didáctica

Bibliografía

PRESENTACIÓN

A materia *Fontes documentais e literarias para a Historia da Arte* (G5011226, Grao en Historia da Arte, Materia Ordinaria Grao RD 1393/2007), posúe o carácter de obrigatoria e ten que ser cursada no segundo ano (2º curso), en concreto no segundo cuadrimestre. Está integrada no módulo *Coñecementos sistemáticos e integrados do feito artístico*.

Esta materia está estreitamente relacionada con *Literatura e Arte no mundo antigo e medieval* de primeiro curso, *Fundamentos teóricos da historia da Arte* de primeiro curso, *Métodos de Análise e Interpretación do Fenómeno artístico* impartida no segundo curso, primeiro cuadrimestre, e *Historia das Ideas Estéticas* de cuarto curso do Grao. Xunto a estas tres derradeiras materias, a materia *Fontes documentais e Literarias para a Historia da Arte*, conforma o módulo *Coñecementos sistemáticos e integrados do feito artístico*.

Esta materia consta de 6 créditos ECTS, o que supón un total de 150 h. de dedicación total por parte do alumnado, dividido en traballo presencial e traballo persoal. Os seus contidos procuran un estudo das Fontes para a Historia da Arte desde a Antigüidade á época contemporánea, cuestión que require a división interna da materia en tres grandes bloques temáticos contemplados no programa: Fontes para o estudo da Arte antiga, Fontes para o estudo da Arte medieval e Fontes para o estudo da Arte moderna e contemporánea.

Esta Unidade Didáctica corresponde ao segundo bloque temático da materia. Identifícase coa Unidade II, «Fontes para o estudo da Arte medieval». Organízase en seis apartados diferenciados pola tipoloxía de fontes literarias e documentais na Idade Media. A construción desta Unidade Didáctica reflicte a organización xeral da materia. Para as Fontes literarias, a estrutura xeral da materia se fundamenta na teoría dos xéneros artísticos de Julius von Schlosser, na súa proposta de catalogación das Fontes nas sucesivas etapas da Historia, para a súa análise científica. No campo das Fontes documentais mantéñense os criterios de clasificación das ciencias historiográficas, Paleografía e Diplomática.

O marco temporal de desenvolvemento desta Unidade Didáctica será de 8 h. en clases expositivas presenciais na aula, 4 h. de clases Interactivas presenciais na aula e 8 h. de traballo persoal ou en grupo polos alumnos.

OS OBXECTIVOS

Xerais:

- **obxectivo 1** coñecer o concepto de Fonte para o estudo da Historia da arte;
- **obxectivo 2** valorar o emprego das Fontes e a súa aplicación no estudo e investigación da Historia da Arte;

- **obxectivo 3** aproximación ás Fontes textuais que permitan un coñecemento máis profundo da obra de arte no seu contexto histórico e cronolóxico;
- **obxectivo 4** aprender a empregar as Fontes dende a análise crítica e a interdisciplinariade;
- **obxectivo 5** aprender as aplicacións desas Fontes na obra de arte;
- **obxectivo 6** formar o alumno para un adecuado tratamento das Fontes, a súa inserción no contexto histórico-artístico, para o seu emprego no estudo e investigación das obras de arte;
- **obxectivo 7** impulsar o alumno ao contacto con outras disciplinas, cuxo obxecto de estudo é, en ocasións, común á Historia da Arte (paleografía, codicología, epigrafía, numismática, etc.)

Específicos:

- **obxectivo 1** coñecer a tipoloxía e casuística das Fontes textuais e documentais para o estudo da arte medieval. Trátase dun obxectivo que se relaciona cos obxectivos xerais 1 ao 3;
- **obxectivo 2** aprender a aplicar as Fontes da Idade Media no estudo da obra de arte, cuestión que enlaza cos obxectivos xerais 5 e 6;
- **obxectivo 3** saber interpretar as Fontes documentais e literarias da Idade Media no estudo do promotor e a sociedade que promove a produción artística, na procura da consecución dos obxectivos xerais 5 e 6;
- **obxectivo 4** aprender a facer un estado da cuestión e valorar a investigación dos nosos predecesores, que pretende conectar con todos os obxectivos xerais;
- **obxectivo 5** iniciar ao alumno no proceso investigador, que concreta o obxectivo xeral 6.

OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Coa finalidade de facilitar e racionalizar a impartición da materia, utilizarase a seguinte metodoloxía:

- leccións maxistrais, combinadas coa participación dos alumnos na resolución de hipóteses e suxestións formuladas pola profesora na aula, durante as clases expositivas. Trátase dunha actividade presencial na aula (8 horas);

- clases interactivas nas que as actividades serán prácticas relacionadas cos contidos teóricos da materia (4 horas). (Empregaranse as ferramentas da USC Virtual para orientacións e materiais de traballo das clases prácticas);
- complementarase coas prácticas de campo xerais da materia en arquivos, bibliotecas e enclaves artísticos relevantes na cidade de Santiago de Compostela (3 horas);
- tutorías personalizadas da materia (3 horas).

OS CONTIDOS BÁSICOS

No século XIX a Historia da Arte institucionalizase como disciplina. A partir deste recoñecemento, xorde a necesidade de estudar as Fontes documentais e literarias, ferramentas fundamentais para o seu estudo. Herdeiros do Positivismo, os investigadores da época preocupáronse por compendiar, clasificar e catalogar as Fontes literarias e documentais para observar as características comúns e a especificidade de cada categoría de textos. Un dos investigadores pioneiros nesta sistematización foi Julius von Schlosser, cuxa análise das Fontes é a catalogación máis completa dos recursos literarios relacionados coa Arte, aínda na actualidade. Ao seu mérito débese tamén a súa teoría dos xéneros artísticos, fundamentada no labor interdisciplinar entre a Historia da Arte, a Filoloxía, Arqueoloxía e a Historia. A súa obra, publicada por primeira vez en 1924, serve como base para estruturar as Fontes ao longo de toda a Historia da Arte e, nesta Unidade Didáctica, para o estudo das obras medievais. Ás tipoloxías de Fontes apuntadas por Schlosser, engádense outras derivadas da análise doutros investigadores que aparecen reflectidos na bibliografía.

1. Escritos, apuntamentos e repertorios sobre técnicas artísticas e a recuperación da teoría das Artes

Nesta epígrafe preténdese ofrecer a visión xeral dunha serie de escritos derivados da autoría de profesionais das Artes. Este grupo de textos é, quizais, o bloque máis compacto das fontes literarias.

1.1. A Tradadística profesional: os precedentes e a recuperación do Tratado profesional

No primeiro bloque temático abórdase a Tradadística profesional e as súas peculiaridades na Idade Media, momento no que se abandona o concepto doutrinal, de *corpus* teórico e práctico, e mantense ao nivel da experimentación básica, ata finais deste período. Dende este momento, no século XV, recupérase o xénero coa contribución de Cennino Cennini (*Il libro dell'arte*).

1.2. O álbum ou caderno de apontamentos de Villard de Honnecourt

Noutro sentido, unha obra singular relaciónase con este xénero artístico, sen poder identificala estreitamente coa Tratadística. Trátase do *album* do arquitecto Villard de Honnecourt, quen elabora un caderno de apuntes de proxectos e obras dos principais obradoiros góticos en Francia, durante a súa viaxe a Hungría. É obra excepcional posto que recolle exemplos arquitectónicos, das artes figurativas, maquinaria empregada na construción e enxeños. A súa contribución non é meramente visual senón que facilita un coñecemento da figura do artista na Idade Media, a súa formación derivada da Escolástica, e mesmo a consideración que desexa ter na súa época

2. A memoria dos promotores artísticos: peculiaridades dos textos historiográficos na Idade Media

A conexión coa sociedade maniféstase de xeito diferenciado na obra de arte, cando atópase vinculada estreitamente a figura dun promotor. Este emprega a arte para o seu propio deleite, pero o seu obxectivo principal oríentase a unha dualidade característica do mundo medieval. Por unha banda desexo de prestixio, e por outra, a disolución do promotor na obra para ofrecela a Deus. Así a historiografía da época preocúpase máis polo relato dos acontecementos que rodean a figura dun promotor (monarca, nobre, prelado, burgués) ca estudo da evolución da arte, os artistas e a súas contribucións a Historia da Arte. Deste modo o xénero artístico da Historiografía transfórmase no xénero do promotor da obra, quen se mostra como un home que debe superar numerosas continxencias para acadar o resultado final. A obra concíbese coma unha fazaña, co sentido épico do home medieval, e o promotor o gran heroe que logra solucionar as dificultades para rematar a obra, sempre avalado pola Providencia.

2.1. Na Compostela de Xelmírez: a *Historia Compostelana*

No campo da Historiografía medieval, a *Historia Compostelana* goza dun espazo diferenciado. A obra foi redactada polo círculo máis próximo ao arcebispo Xelmírez. Identificados por diversos investigadores a partir do século XIX, os seus autores foron Munio o Nuno Afonso e Hugo, bispos de Mondoñedo e Porto respectivamente, Giraldo presbítero e Pedro Marcio. Na obra relátanse os feitos sucedidos, perante o mandato de Xelmírez á fronte da diocese de Santiago, na primeira metade do século XII. Trátase dun compendio documental, no formato de *regesta* e crónica, que pretende ofrecer a imaxe épica do arcebispo Xelmírez. Entre as súas fazañas destaca a construción da catedral de Santiago. Convértese nese sentido unha Fonte privilexiada para o coñecemento da fábrica catedralicia, as súas sucesivas etapas de construción, os seus avatares no proceso de elevación, a súa valoración na sociedade do momento, a nivel local e europeo. E precisamente entre os obxectivos de Xelmírez atópase a de divulgar e potenciar o culto xacobeo, da sede

compostelán como custodia apostólica, e por tanto reflexo de Roma. A obra é un referente ineludible para a investigación da catedral compostelá, a súa fábrica, a produción artística do románico en Compostela, a figura do promotor... aínda que se debe facer unha lectura coidadosa polo seu carácter propagandístico.

3. A interacción imaxe-texto: fontes para o estudo da iconografía medieval

As imaxes son empregadas con fins diversos nas diferentes épocas históricas, mais sempre existe una intencionalidade, mesmo cando a mensaxe é solo estética. Na Idade Media a imaxe é empregada con diferentes funcións que se amplían no avance da época. Así, coa cautela que se debe manter pola desaparición de gran parte do patrimonio medieval, en ocasións a imaxe se concibe como soporte dunha mensaxe relixiosa (didáctica, contemplativa e, incluso a finais de época, emocional). Ás veces é obxecto dunha ideoloxía do poder (as funcións do monarca, cerimonial da representatividade, de honra e fama do nobre...) e así mesmo outras responden a programas da sabedoría e do saber (a iconografía das artes liberais por exemplo). Tampouco se debe obviar o seu uso para dar ambiente, ambientar unha estancia como prolongación do status do seu promotor.

Se trasladamos estes conceptos á esfera do espectador, existe una memoria colectiva da imaxe, transmitida de xeración en xeración que permite facer unha relectura dos códigos iconográficos, salvo cando se trata dun programa novo que necesita ser explicado polo artista o polo propio promotor.

3.1. Biblia e outras fontes no canónicas

Na xénese e evolución posterior da imaxe medieval, a Biblia é o soporte esencial da iconografía. Incluso esa presenza de temas vetero e neotestamentarios é habitual en ámbitos profanos.

Nas leccións expositivas da aula, comentaremos algúns exemplos de textos bíblicos relacionados coa evolución da iconografía cristiá, nas súas orixes á Baixa Idade Media, a súa permanencia, evolución o transformación. Tamén un aspecto importante é a súa conexión coa liturxia desenvolvida no interior do templo, cuestión que enlaza con outro tipo de Fontes, as liturxistas (os rituais sacramentais, a evolución do misal, os diferentes ritos medievais...)

Unha cuestión de interese é a difusión doutro tipo de textos bíblicos non canónicos, é dicir, que non forman parte dos empregados na liturxia. Con todo a súa circulación se permite entre os fieis porque axudan a difundir aspectos da vida de Cristo, da Virxe e Apóstolos, desde unha perspectiva intimista, obviada polos libros bíblicos. Son os denominados textos apócrifos do Antigo e Novo Testamento. Desde épocas moi temperás, aqueles que non son considerados heréticos serviron como referente textual aos artistas (exemplo dos mosaicos da ábsida de santa María Maggiore, Roma). Os apócrifos da Biblia son, por tanto, una Fonte obrigada á que debemos acudir para comprender a iconografía medieval.

3.2. A ekphrasis na Idade Media

Existe un tipo de textos na Idade Media que se caracteriza por un ton poético. Trátase de descrições poéticas das obras de arte, co obxectivo de recrear a imaxe, competir texto e imaxe, artes visuais e artes da palabra, para crear unha obra nova. En definitiva estamos ante un vello tema clásico, “*ut pictura poesis*” horaciano, que se mantén en vigor na Idade Media, especialmente a partir do século XII, cando se produce o denominado “renacemento do século XII” e a recuperación do latín clásico.

Estes textos conforman o xénero artístico denominado ekphrasis que aparece con aspectos e funcións múltiples. Ás veces aparece nun texto máis amplo que non ten como finalidade facer ekphrasis de maneira xeral, pero introduce algún fragmento de glosa poética para proporcionar un maior realismo a escena, o ben ambientar a mesma. Con todo, interesa de maneira máis intensa, a ekphrasis independente. Neste exercicio poético destaca un autor francés de principios do século XII, Baudri de Bourgueil. Nos seus *Carmina* ofrece pequenas poesías, a modo de “adiviñanzas”, que pretenden facer unha glosa de obras de arte para desentrañar o significado das mesmas. Noutras obras, as súas epístolas, ofrece deliciosos poemas onde describe ambientes a partir das obras de arte cos decoran, e deste modo presenta implicitamente o propietario da estancia a través das imaxes que ornamentan a súa casa (Poema dedicado a Adela de Blois, filla de Guillerme I, conquistador de Inglaterra, e esposa do conde de Blois, Esteban II).

4. A literatura odepórica medieval e a súa contribución aos estudos da Arte

Na herdanza do clásico, existe unha tipoloxía de textos que mantén a literatura odepórica, en todo o seu auxe na Idade Media. Son aqueles textos que pretenden relatar unha viaxe, as veces cunha finalidade de peregrinación a uno dos santuarios máis relevantes da Cristiandade, o santo Sepulcro de Xerusalén a basílica de san Pedro de Roma e a catedral de Santiago en Compostela. Os tres santuarios presentaban unha peregrinación diferenciada. Xerusalén era enclave de interese para os fieis cristiáns, pero a longa viaxe, cun custo elevado, promovía un tipo de peregrinación elitista, solo para os estamentos privilexiados da sociedade. As outras dúas viaxes eran máis doadas, pero delas Santiago adquire un esplendor acusado a partir do século XII, derivado de la *inventio* (descubrimiento) da tumba do Apóstolo Santiago no século IX. Conscientes da importancia da difusión da devoción xacobeá para a fe cristiá e para a consolidación dos reinos cristiáns, os monarcas e os prelados son os principais axentes impulsores desta peregrinación.

4.1. O Itinerario de Exeria no século IV

A máis antiga testemuña literaria da peregrinación a Xerusalén é o relato da monxa Exeria. Orixinaria da antiga provincia de Gallaecia, esta relixiosa emprende o itinerario aproximadamente no ano 383. Redacta un diario para as súas irmás

de comunidade, onde recolle descrições da súa viaxe, as celebracións litúrxicas ás que acode e as impresións que os diferentes santuarios lle suscitan. Interesa especialmente pola súa descripción do santuario do Santo Sepulcro, tal como se atopa no momento da súa visita e as celebracións de Pascua nas que participa. Neste senso é unha fonte interesante para coñecer o santuario constantiniano e a liturxia co xeró, entre outros aspectos relevantes. Consérvase copia do seu manuscrito nun códice do século XI na biblioteca de santa María de Arezzo, procedente de Montecasino.

4.2. O *Liber Sancti Iacobi*

O carácter odepórico recoñécese constantemente no *Liber Sancti Iacobi*, o chamado Códice Calixtino, manuscrito conservado na catedral de Santiago, xunto a outras copias manuscritas dispersas pola xeografía europea. O *Liber* redactado no século XII, ca. 1140, consta de cinco libros con informacións diversas para a Historia da Arte medieval. O contido dos tres primeiros libros constitúe una Fonte de primeira orde para observar a incidencia da liturxia na creación do espazo arquitectónico da catedral. Outras cuestións moi interesantes destes primeiros *libri* refírense a suceso de milagres que axudan a comprender a iconografía xacobeá. Así o primeiro libro é unha *Antología litúrgica*, contén a liturxia dedicada a Santiago nas súas festas principais, sermóns e dous relatos do martirio do Apóstolo. O segundo libro é o titulado *De miraculi Sancti Iacobi*, recolle una compilación de milagres do Santo realizada entre os séculos XI e XII. A historia da translación do corpo do Apóstolo a Santiago relátase no liber terceiro, *Liber de traslatione corporis sancti Iacobi*.

O seguinte, *Historia Karoli Magni* ou *Pseudoturpinis*, sorprende polo seu carácter épico, que parece independizarse do sentido de peregrinación. Pola contra a súa redacción obedece a unha vertente da Idade Media, as fazañas épicas, que non poden desvincularse da peregrinación a Santiago. Este cuarto libro narra o relato fantástico de Carlomagno, o emperador franco, a quen se lle aparece o propio Santiago para facer o encargo de liberar a Península Ibérica do perigo musulmán.

Un dos libros recibe o cualificativo de *Liber Sancti Iacobi* propiamente dito, é o libro quinto. O autor presenta unha guía da viaxe a Santiago desde Francia, as diversas vías alternativas, o recorrido do chamado Camiño Francés na Península, a chegada a cidade de Santiago. Neste punto, a guía elévase a Fonte de primeira orde para o estudo da cidade medieval compostelá pola súa minuciosa descripción das murallas nese momento, a estrutura urbana e dos edificios relixiosos que a conforman, de maneira que descobre a *topografía sagrada* da cidade do Apóstolo. O autor detense, de maneira especial, na descripción da catedral de Santiago.

A continuación, presenta dous apéndice que contén cuestións de polifonía e un anexo cos relatos de últimos milagres de Santiago, xa ocorridos tardiamente (ca. 1160-1190), despois da elaboración do *Liber*.

O texto configúrase coma unha fonte de información para o investigador en Arte medieval, pero non deben esquecerse as súas ilustracións, as miniaturas, as súas características na Historia da pintura occidental e as mensaxes que transfiren, orientadas a exaltar a sede compostelán e subliñar o seu carácter apostólico. Deste xeito, texto e imaxes, completan o proxecto de divulgación do Camiño de Santiago

e a cidade apostólica que o arcebispo Xelmírez promove no século XII a través de obras coma *Historia Compostelana* e o *Códice Calixtino* sen obviar o **Tumbo A**, á vez que acomete as obras arquitectónicas que outorgan un novo concepto de cidade, metáfora da Xerusalén Celestial.

5. O documento: tipoloxías e achegas das fontes arquivísticas para a investigación na Arte medieval

Existe un campo de actuación fundamental para o investigador da Idade Media, o rastreo e análise documental. Custodiados en arquivos públicos e coleccións privadas, os documentos son unha Fonte indispensable para profundar nas obras de Arte medieval, aínda que se atopan moi dezados, por diferentes problemáticas ao longo da Historia.

Na aproximación a este tipo de Fontes, é necesario incidir naqueles que teñen maior repercusión no estudo da Historia da Arte. Así este apartado céntrase na análise dos **testamentos** de promotores nos diferentes estamentos da sociedade baixo medieval, onde se poden atopar informacións abundantes. Ás veces aluden a obra encargada, as súas características, a intencionalidade, outras a cuestións como as súas devocións, forma de vida, traballo, relacións con seus contemporáneos... informacións que facilitan a comprensión das obras por el encargadas así como a súa factura, localización, as veces a mención ao artista, o interese e expectativa que xera a propia obra.

Nesta liña cómpre acudir á consulta dos **contratos de obra e inventarios de bens (inventarios post mortem)**, cando é posible. Na idade Media non se conservan de xeito abundante, mais si aparecen, ofrecen informacións de gran estima para o estudo da obra, en tódolos campos da produción artística.

As **doazóns e cartas de compra-venda** son dous tipos de documentos que axudan a completar a información anterior. Se se trata de estudar un inmovible, esta documentación proporciona as veces datos cronolóxicos, para datar a obra por exemplo, entre outros asuntos. E enlazando con eles, os **preitos xudiciais** poden facilitar outros datos complementarios.

Para estudar este marco cronolóxico, un medievalista non pode deterse na Idade Media posto que existe un amplo campo de reinvenções e recreacións da época medieval. Deste xeito débese acudir á documentación posterior para consultar reformas das obras medievais, transmisión de bens na mesma familia ou a derivación a outra, circunstancia que revela o paradoiro (as veces descoñecido) dunha obra artística. As ocupacións de inmoables medievais, coas transformacións de uso por agrupacións e institucións posteriores obriga en multitude de casos, a facer un labor de rastrexo da documentación, non sempre exitoso.

6. Fontes lexislativas: características e evolución

Neste apartado preténdese mostrar algúns exemplos de Fontes lexislativas que recollen noticias histórico-artísticas. No ámbito eclesiástico son interesantes as

regras do monacato e das Ordes mendicantes pola súa especificación do modo de vida, que reverte indubidablemente na creación do espazo no mosteiro e convento. Así propónse a indagación na regra de san Benito de Nursia (comezos do século VI), na reforma promovida por san Benito de Aniano (año 816), contrarrestadas con diversos escritos do Císter que xustifican a adopción dalgunhas características singulares na evolución do monacato occidental (*Carta Caritatis* debida a Estephan Harding ca. 1120, Exordio, *Apologie à Guillaume de Saint Thierry* de Bernard de Clairvaux, redactada en 1124). A continuación outros escritos lexislativos das novas Ordes mendicantes serán estudadas para coñecer todo o elenco de Fontes da espiritualidade medieval (Regras das Ordes, así como as Actas capitulares e estatutos de dominicos e franciscanos).

A lexislación é un campo interesante para a arte civil. Así, na Idade Media, débese acudir ás actas municipais, aos Foros reais e ás Partidas, para analizar a diversidade de aspectos relacionados coa Historia da Arte (dereito de sepultura, leis suntuarias... etc.)

ACTIVIDADES PROPOSTAS

- Unha actividade orientarase a **contrastar tipoloxías de fontes literarias e as súas aportacións a Historia da Arte**. Así os alumnos divídense en grupos cooperativos de cinco persoas. Deben revisar algúns capítulos das obras *Historia Compostelana*, *ao Códice Calixtino* propostos pola profesora. A continuación, extraer e analizar de ambas obras, todas as referencias a catedral de Santiago de Compostela. Na clase interactiva contrastarase a información obtida polos grupos e abrirase o debate co obxectivo de observar se os alumnos acadan os obxectivos específicos 1 o 3. A temporalización desta actividade é 2 h. de traballo individual e de grupo, máis unha hora de debate na aula.
- Outra actividade enlaza coa anterior pero refírese ás **Fontes para o estudo da iconografía medieval**. Analizarase a portada de Praterías da catedral de Santiago desde as Fontes literarias. Previamente os alumnos deben retomar o fragmento do *Códice Calixtino* que describe a Portada e un repertorio bibliográfico entregado pola profesora. A finalidade é observar as liñas de investigación aor redor da dita portada polos investigadores que nos precederon en dito estudo. Unha vez revisado todo o material polos alumnos procederase á visita da dita portada da catedral de Santiago, para analizar *in situ* e contrastar diferentes hipótese en relación a seu programa iconográfico. Esta tarefa relaciónase cos obxectivos 2 o 5. Para a súa elaboración serán necesarias 2 h. de traballo persoal do alumno e unha hora de asistencia e debate na visita á portada de Praterías da Catedral.

- A terceira actividade proposta consiste en recoller diferentes **epígrafes medievais** dispersos pola cidade de Santiago, durante unha semana, tamén en grupos de cinco persoas, e nunha interactiva na aula, exporase a súa catalogación e a información, que é posible extraer do seu estudo, como fonte para a Historia da Arte. Esta actividade pretende acadar os obxectivos 1 o 3 e 5. Esta actividade propónse para unha hora de traballo persoal do alumno e outra de Interactiva na aula.
- A última actividade desta unidade didáctica orientase ao **estudo de Fontes documentais e a súa diversidade**. Así a profesora facilitará un elenco de documentos, colgados na aula virtual, para que os alumnos en grupo, debatan fora da aula sobre a súa tipoloxía e achega a Historia da Arte. Na aula xerarase o debate entre todos. A tarefa persegue a consecución de todos os obxectivos específicos. O alumno empregará tres horas, individualmente e en grupo, e outra hora de debate na aula.

A profesora solicitará a entrega das actividades por escrito, para avaliar os resultados.

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

1. Avaliación sobre os contidos das clases expositivas (teóricas): control dos coñecementos adquiridos tras a exposición e práctica da unidade didáctica. Suporá o 10% da nota total (1 punto). Ao propor unha avaliación continuada, esta nota súmase aos resultados dos outros catro controis escritos que se farán na materia.

2. Avaliación das clases Interactivas: Asistencia e participación nos debates, propostos pola profesora. Esta parte será avaliada sobre 0,75 puntos. Para avaliar os resultados a profesora elabora un rexistro de observación onde se contemple as intervencións, a calidade das mesmas e a medición do cumprimento dos obxectivos específicos. Ademais as actividades serán avaliadas en formato escrito entregado á profesora, antes do debate na aula.

BIBLIOGRAFÍA¹

1. Catálogos e Fontes publicadas

ARCE, A. (ed) (1996, 1ª 1980): *Itinerario de la Virgen Egeria (381-384): Constantinopla, Asia Menor, Palestina, Sinaí, Egipto, Arabia, Siria*, Madrid: Biblioteca de Autores Cristianos.

¹ Neste apartado se mencionan as referencias máis empregadas na materia, que se complementan coas citadas e explicadas nas clases expositivas.

- AZCÁRATE RISTORI, José María (1982): *Colección de documentos para la Historia del Arte en España*. Zaragoza: Caja de Ahorros. 3vols.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. (coord.) (1988): *Inventario das fontes documentais da Galicia medieval*, Santiago de Compostela.
- BRUNELLO, Franco (ed) (1988): CENNINI, Cenino: *El libro del arte*, Madrid, Akal.
- DAVRIL, Anselme et THIBODEAU, T.M. (ed) (1995-2000): *Guillelmi Duranti: Rationale divinatorum officiorum*, Turnholti: Brepols.
- ERLANDE-BRANDENBURG, Alain; PERNOUD, Regine; GIMPEL, Jean; BECHMANN, Roland (1991): *Villard de Honnecourt, cuaderno siglo XIII: a partir del manuscrito conservado en la biblioteca Nacional de París (n. 19093)*. Torrejón de Ardoz : Akal
- FALQUE, E. (ed.) (1994): *Historia compostelana*, Madrid: Akal.
- HERBERS, Klaus; PLÖTZ, Robert (1998): *Caminaron a Santiago. Relatos de peregrinación al "fin del mundo"*, Santiago: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago.
- LÓPEZ PEREIRA, Xosé Eduardo (1991): *Exeria. Viaxe a Terra Santa*, Vigo: Xerais.
- MACIAS, José Manuel (ed) (1987): *Santiago de la Vorágine. La leyenda dorada*, Madrid: Alianza editorial.
- MORALEJO, Abelardo; TORRES, Casimiro y FEO, Julio (trad) (1951): *Liber Sancti Iacobi*, Santiago. (reeditado por X. Carro Otero, 1992).
- MORTET, Victor et DESCHAMPS, Paul (1995, 1911-1929): *Recueil de textes relatifs à l'histoire de l'architecture et à la condition des architectes en France au Moyen Âge*, Paris: Éditions du Comité des Travaux historiques et scientifiques, Ministère de l'Enseignement supérieur et de la Recherche.
- NARDELLA, Cristina (1998): *Il fascino di Roma nel Medioevo. Le "Meraviglie di Roma" di maestro Gregorio*, Roma: Viella.
- NOVÁS PÉREZ, M.ª Elena (2009): *Catalogo de la Colección Guerra Campos del Archivo-Biblioteca de la Catedral de Santiago*, Santiago de Compostela.
- PITARCH et al. (1982): *Fuentes y documentos para la Hª del Arte Antiguo: (Próximo Oriente, Grecia y Roma)*, Barcelona: Gustavo Gili.
- RUBIO TOVAR, Joaquín (1986): *Libros españoles de viajes medievales: selección*, Madrid: Taurus.
- SAN BUENAVENTURA, (1893) *Meditaciones de la vida de Cristo*. Atribuidas a [san Buenaventura], Madrid: Gregorio del Amo.
- SÁNCHEZ CANTÓN, Francisco José (1923-1941): *Fuentes literarias para la historia del arte español*, Madrid.
- SÁNCHEZ SÁNCHEZ, Xosé (2008): *Catálogo de manuscritos do Arquivo-Biblioteca da Catedral de Santiago de Compostela*, Santiago: Consello da Cultura Galega.
- (2008): *A colección López Ferreiro do Arquivo-Biblioteca da Catedral de Santiago de Compostela*, Santiago: Consello da Cultura Galega.
- SANTOS OTERO, Aurelio de (2006): *Los evangelios apócrifos: colección de textos griegos y latinos*, Madrid: Biblioteca de Autores Cristianos.
- UBIETA LÓPEZ, José Ángel (ed) (2009): *Biblia de Jerusalén*, Bilbao: Desclée De Brouwer.

- VIGO TRASANCOS, Alfredo (coord.) (2000): *Fontes escritas para a Historia da Arquitectura e do Urbanismo en Galicia (séculos XI-XX)*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, col. Bibliofilia de Galicia, 16. (2 vols.)
- YARZA LUACES, Joaquín, GUARDIA Milagros y VICENS Teresa (1982): *Fuentes y documentos para la Hª del Arte (Medieval I: Alta Edad Media y Bizancio)*, Barcelona: Gustavo Gili.
- YARZA LUACES, Joaquín et al. (1982): *Fuentes y documentos para la Hª del Arte (Medieval II: Románico y Gótico)*, Barcelona: Gustavo Gili.

2. Bibliografía Xeral:

- BARASCH, Moshè (1995): *Teorías del arte. De Platón a Winckelmann*, Madrid: Alianza editorial (1985, 1ª).
- KULTERMAANN, Udo (1996): *Historia de la historia del arte. El camino de una ciencia*, Madrid: Akal.
- MÂLE, Emile (1986): *El Gótico: la iconografía de la Edad Media y sus fuentes*, Madrid: Encuentro. (1ª ed. 1931).
- RAMÍREZ, Juan Antonio (1999): *Cómo escribir sobre arte y arquitectura*, Barcelona: Ediciones del Serbal.
- SCHLOSSER, Julius (1993): *La literatura artística*, Madrid: Cátedra (Viena, 1924).
- URQUÍZAR HERRERA, Antonio y GARCÍA MELERO, José Enrique (2012): *La construcción historiográfica del Arte*, Madrid: Ed. Ramón Areces.
- YARZA LUACES, Joaquín (1997): *Fuentes de la Historia del Arte I*, Madrid: Historia 16.

3. Específica:

- BARNES, C. (1999): "Problème de Le Villard de Honnecourt", en *Les bâtisseurs des Cathédrales Gothiques* (Estrasburgo, 1989), pp. 209-223. En web: <http://www.villardman.net>
- BECHMANN, Roland (1993): *Villard de Honnecourt: la pensée technique au XIIIe siècle et sa communication*. Paris.
- BRAUNFELS, Wolfgang (1975): *Arquitectura monacal en Occidente*, Barcelona: Seix Barral.
- CASTELNUOVO, Enrico (a cura di) (2004): *Artifex bonus. Il mondo dell'artista medievale*, Bari: Laterza.
- CASTIÑEIRAS GONZÁLEZ, M. (coord) (2010): *Compostela y Europa: [catálogo de la exposición] : la historia de Diego Gelmírez*, Santiago de Compostela: Xestión do Plan Xacobeo; Milano : Skira.
- (2000): "Platerías: Función y decoración de un "lugar sagrado", en *Santiago de Compostela: ciudad y Peregrino. Actas del V Congreso Internacional de Estudios Xacobeos*. Xunta de Galicia, Santiago. pp. 289-329.
- CAUCCI, Paolo (1985): « La littérature de voyage et de pèlerinage a Compostelle », en *Santiago de Compostela: 1000 ans de pèlerinage européen /[exposition] organisée dans le cadre d'Europalia 85 España avec le concours du crédit communal de Belgique*, Bruxelles: Credit communal. pp. 175-181.

- (1995): “La Memoria de Santiago y su catedral en la literatura odepórica compostelana”, en *Compostellanum* vol. 40, n. 3-4, julio-diciembre, 367-378.
- CAYUELA, B. (2007): “Ecos de relatos de peregrinación a Terra Santa na iconografía altomedieval”, en *Rudesindus: a cultura europea do século X [catálogo da exposición na] Igrexa da Universidade, Santiago de Compostela, 6 xullo-26 agosto 2007*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Turismo: Xestión do Plan Xacobeo. pp.125-135.
- DÍAZ Y DÍAZ, Manuel Cecilio (1988): *El Códice Calixtino de la Catedral de Santiago. Estudio codicológico y de contenido*, Santiago.
- DÍAZ Y DÍAZ, Manuel Cecilio, LÓPEZ ALSINA, Fernando, SÁNCHEZ AMEIJERAS, Rocío (2008): *Tumbo A: índice de los privilegios reales, que contiene este libro intitulado de la letra A: original conservado en la Biblioteca de la Catedral de Santiago*, Santiago: Archivo Biblioteca Catedral de Santiago; Madrid : Testimonio.
- FERNÁNDEZ PÉREZ, S. y NODAR FERNÁNDEZ, V. (2004): *Atlas de la catedral románica de Santiago. Narración visual e interpretación artística*, Santiago: Xunta de Galicia. Formato DVD.
- FRUGONI, Chiara ((2005): *Gli affreschi della Cappella Scrovegni a Padova*, Torino: Einaudi. 2vols.
- GAMESON, Richard (ed) (1997): *The Study of The Bayeux Tapestry*, Woodbridge, Boydell.
- LEWIS, Suzanne (1999): *The Rethoric of power in the Bayeux Tapestry*, Cambridge.
- LÓPEZ ALSINA, Fernando (1988): *La ciudad de Santiago de Compostela en la Alta Edad Media*, Santiago de Compostela.
- LÓPEZ FERREIRO, Antonio (1975): *El Pórtico de la Gloria, Platerías y el primitivo Altar Mayor de la Catedral de Santiago*. Santiago: Pico Sacro.
- MORALEJO ÁLVAREZ, Serafín (1977) “Saint Jacques de Compostelle: les portails retrouvés de la Cathédrale romane”, en *Dossiers d’archeologie* n. 20, janvier-février, 86-103. También en FRANCO MATA, Ángela y ROMERO POSE, Uxío (coord) (2004): *Patrimonio artístico de Galicia y otros estudios. Homenaje al Profesor Dr. Serafín Moralejo Álvarez*. Santiago. 3 vols. T.I. pp.101-110.
- (1983): “La imagen arquitectónica de la catedral de Santiago de Compostela”, en Scalia, G. (a cura di): *Il Pellegrinaggio a Santiago de Compostela e la letteratura jacobea: atti del Convegno Internazionale di Studi. Perugia 23-25 settembre 1983*. Perugia. pp. 37-61. También en FRANCO MATA, Ángela y ROMERO POSE, Uxío (coord) (2004): *Patrimonio artístico de Galicia y otros estudios. Homenaje al Profesor Dr. Serafín Moralejo Álvarez*. Santiago. 3 vols. T.I. pp. 237-246.
- (1984): “El patronazgo artístico del arzobispo Gelmírez (1100-1140), su reflejo en la obra e imagen de Santiago”, en Gai, L. a cura di: *Atti del II Convegno Internazionale di Studi Pistoia e il Camino de Santiago: una dimensione europea nella Toscana medioevale. Pistoia, 28-30 settembre 1984*. Nápoles, Perugia. pp. 245-272.
- NÚÑEZ RODRÍGUEZ, Manuel (ed) (2000): *Santiago, la catedral y la memoria del arte*, Santiago: Consorcio de Santiago.

- (2005): “David, el canticum y la iucunditas en el siglo XII”, en VILLANUEVA ABELEIRAS, C. (coor): *El sonido de la piedra. Actas del encuentro sobre instrumentos en el Camino de Santiago*, Santiago.
- (2011): *A la búsqueda de la memoria. Los tres pórticos mayores de la Basílica de Gelmírez*, Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago, Círculo Románico.
- PANOFKY, Erwin (1979): *Abbot Suger of the Abbey Church of St Denis and its art treasures*. Princeton.
- (1979, 1ª 1955): “El abad Suger de Saint-Denis”, en *El significado de las artes visuales*. Madrid: Alianza editorial. pp.131-170.
- (1996, 1ª 1951): *Arquitectura gótica y pensamiento escolástico*, Madrid
- PORTELA SILVA, Ermelindo (dir) (2003): *Historia da cidade de Santiago de Compostela*, Santiago: Consorcio de Santiago.
- SÁNCHEZ AMEIJERAS, R. y SENRA GABRIEL Y GALÁN, J.L. (coor) (2003): *El tímpano románico. Imágenes, estructuras y audiencias*, Santiago: Consellería de Cultura, Comunicación social e Turismo; Dirección Xeral de Patrimonio Cultural; Xunta de Galicia.
- SASTRE VAZQUEZ, Carlos (2007): “Algo más sobre la Portada de las Platerías: sacramentos y Passio Christi”, en *Románico: revista de arte de amigos del Románico*, n.4, 21-25.
- (2006): “La portada de Las Platerías y la mujer “adúltera”. Una revisión”, en *Archivo Español de Arte* vol. 79, n. 314, abril-junio, 169-186
- TAMAYO, Alberto (1996): *Archivística, diplomática y sigilografía*, Madrid: Cátedra.
- TILLIETTE, Jean Yves (1981): “La chambre de la comtesse Adele”, en *Romania*, 145-171.
- (2002) : *Baudri de Bourgueil : Poèmes*, Paris : Les Belles Lettres. 2vols.
- YZQUIERDO PEIRÓ, Ramón Y SÁNCHEZ SÁNCHEZ, Xosé (coor.) (2012): *Códice Calixtino: ex re signatur Iacobus liber iste vocatur [exposición]*. Santiago de Compostela: Cabildo de la Catedral de Santiago; Fundación Catedral de Santiago.
- YZQUIERDO PERRIN, Ramón (1993): *Galicia. Arte. Arte medieval I*, La Coruña: Hércules.
- (2010): *El maestro Mateo y el Pórtico de la Gloria en la catedral de Santiago*, León: Edilesa.
- WILLIAMS, John (2003): “La mujer del cráneo y la simbología románica”, en *Quintana* n.2, 13-28.



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA